

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 15 DE XULLO DE 1996.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día quince de Xullo de mil novecentos noventa e seis; ás dúas da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, e Don Celso Sotelo Barroso.- Non asiste, Don Amando Martínez Deaño.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan selos seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 8 de Xullo.

2.- OBRAS MAIORES.-

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos do común e sen prexuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

A **Don Juan Fernández Pérez**, veciño de San Cristovo, para que no devandito lugar poida construír unha vivanda unifamiliar, de acordo coas seguintes condicións: a aliñación será a establecida polos edificios colindantes e que fixan aliñacións estables; a

cota real de ancho son 13 metros, a acotación de 14 metros non se corresponde coa medida do plano Escala: 1:500; o fondo máximo da edificación será de 12 metros; materiais de fachada: as fachadas serán de pedra do país ou acabados en morteiro monocapa de cores habituais na zona; as obras executaranse con suxeición ó proxecto excepto nas condicións que se sinalan que serán prioritarias. Depositará unha fianza de 80.000 pesetas para responder da reposición de pavimentos e conexión de servicios. Previo á ocupación da vivenda, solicitará licencia de primeira ocupación. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación. Erguese a definitiva a liquidación provisional practicada ós efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras desta licencia, o cal importe é de 443.910 pesetas.

A **Dona Venilde Asunción Rodríguez Pérez**, veciña da Quinza, para que no Camiño da Quinza do devandito lugar poida construír unha vivenda unifamiliar, de acordo coas seguintes condicións: a obra construírase segundo proxecto; a liña de cerramento frontal da parcela, situarase a 5,50 metros do eixe do actual camiño. Depositará unha fianza de 80.000 pesetas para responder da boa calidade das conexións ós servicios públicos. Unha vez rematada a obra, solicitará licencia de primeira ocupación. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación. Erguese a definitiva a liquidación provisional practicada ós efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras desta licencia, o cal importe é de 349.163 pesetas.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-

Visto o escrito de Dona Josefa Miguélez Soto, veciña de Francelos, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca da súa propiedade sita na Estrada de Francelos, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello que di: "Segundo o Estudio de Detalle correspondente, a Ordenanza aplicable é a 14.2. Ordenanza U.M. Usos Mixtos Grao A; Definición, espacio de Ordenación aberta, cerrada ou mixta destinada a usos mixtos, de residencia, industrial, comercio e dotacions, así como demais usos nucleares asociados a eles; Dadas as diferentes características urbanísticas da Travesía e do interior do núcleo, no ámbito que é de aplicación á presente ordenanza, divídese en dous graos: GRAO A; Ambito territorial: sinalado no plano de aliñacións, rasante e ordenación; NORMAS DE USO.- USOS ADMITIDOS.- Residencial: Vivenda agrupada; Comercial: primeira categoría; Industrial: en categoría primeira; Dotacional: Calquera categoría. NORMAS DE VOLUME.- CONDICIONS DE

POSICION: Aliñacións, segundo plano de aliñacións, rasantes e ordenación; rasantes as existentes; posición, entre medianeiras. CONDICIONS DE PARCELACION.- Parcela mínima: 60 metros cadrados; Fronte mínima: 6 metros. CONDICIONS DE EDIFICACION.- Altura máxima tres plantas (B+2); permítese o aproveitamento do baixo cuberta; o patio de parcela poderase cubrir cunha planta ou 3,50 metros de cornisa; Fondo máximo edificable: 12 metros; na planta baixa e soto a ocupación poderá ser do 100% do solar no ámbito de aplicación da Ordenanza.

Visto o escrito de **Dona Francisca González Taboada**, veciña desta Vila, con domicilio na rúa Celso Emilio Ferreiro, 9, 5º, no que interesa información urbanística aplicable a un inmueble da súa propiedade sito no lugar das Chavolas, a Comisión Municipal de de Goberno, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello, que di: " Regulación mediante Ordenanza 4.11, Solo Urbano en Núcleos Rurais.- Condición de posición: corresponde a ordenación cerrada.- Condicións de edificación: uso vivenda dúas plantas ou oito metros.- Aliñacións: frontal, a definida polo MOPT, para o cal remitirase o expediente ó MOPT para o seu informe.- Resto das aliñacións, segundo croquis que se achega: zona de camiño de embocadura coa N-120, aliñacións de forma que o ancho total tomando coma referencia na parede de enfronte quede de 6,00 metros.- Resto do camiño, aliñación segundo se sinala no plano de aliñación.- Os terreos fóra da aliñación pasarán a ser de dominio público fomando parte do Camiño Seixo.

Visto o escrito de **Don José Fernández Meiriño**, veciño de San Cristovo, con domicilio na Estrada do Carballiño, 25, na que interesa a aliñación frontal aplicable ó solar da súa propiedade, sito no p.k. 3,15 MD. da Estrada OR-210, do devandito lugar, esta Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda adxuntarlle a aliñación imposta pola Delegación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda remitida no seu día e, que é complementaria á información urbanística aplicable aprobada por este mesmo Organo, na súa sesión ordinaria do 25 de Marzo pasado.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, coñece os seguintes:

Da Delegación da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais,

comunicando apta para o baño a calidade sanitaria da Zona de Baño "Pozas de Francelos" .

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura correspondente ó mes de Xuño presentada polo Sr. Asesor Urbanístico do Concello de acordo co convenio de colaboración entre este Concello e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Delegación de Ourense), por importe de 105.600 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención de 80.000 pesetas para financia-la realización dun cursiño de pintura a APA de E.X.B., do Colexio Público de Tomás de Lemos.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba a liquidación de ingresos por ocupación de terreos na XXXIII edición da Feira do Viño do Ribeiro, ano 1996, segundo o detalle que se acha no expediente, e que ascende á cantidade de 1.028.000 pesetas.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

E sendo as dúas e media da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.